



## [Carla Andrade]

Cineasta e artista visual

Proxecto: Apuntes para un proxecto do latexo do unánime e cego

Carla Andrade presenta unha primeira aproximación as investigacións levadas a cabo durante a residencia no Pazo de Tor para a realización dun proxecto cinematográfico máis amplo que, na forma de apuntes e notas, busca revisitar o pasado a través da biografía dos espazos do Pazo, cuestionando a forma en que lembramos co fin de non caer no nostálxico ou escapista, senón desenterrando o que permanece oculto no velo da rutina.

Mediante o uso simbólico dunha atmosfera gaseosa combinado coas voces de mulleres da provincia de Lugo, algunhas relacionadas co Pazo de Tor, como Angelita, se establece unha reflexión non só en torno as diferenzas de privilexios entre clases sociais, evidentes neste lugar habitado dende hai séculos, senón tamén do cambio de paradigma no que nos atopamos na actualidade: o inicio da transición dunha era material, ríxida e inamovible para dar lugar a algo que promete ser moito máis voluble, cambiante e sen forma fixa.

Por outro lado e neste contexto, o traballo pretende afondar nesas tarefas estruturalmente naturalizadas e asimiladas dentro do feminino, aquelas vinculadas o doméstico e o non remunerado; o que fai que as mulleres non participen das relacións dos medios de produción e, polo tanto, estean fora da loita de clases, converténdose nun non-suxeito na sociedade cuxo conflito é que a pesar de ser autónomas non o é a situación a que dan expresión.

### BIOGRAFÍA:

Andrade (Vigo, 1983). Artista dedicada á fotografía, o medio audiovisual e a instalación, Carla é licenciada en Comunicación Audiovisual e realizou un máster en "Artist's Film & Moving Image" na Universidade Goldsmiths de Londres. Expuxo o seu traballo en centros de arte contemporánea como MAC Gas Natural Fenosa, BilbaoArte, Museo Guggenheim de Bilbao, MARCO de Vigo, Real Academia BBAA San Fernando, Tabacalera Madrid, Caixaforum Barcelona, La Casa Encendida, 104 (París) ou Lux (Londres); e en festivais internacionais de cinema e fotografía como IFFR, Zinebi, PortoPostDoc, Ficunam, Curtocircuito, (S8) ou PhotoEspaña, entre outros.